

TLX300

Ref: ISOSI-TLX300



Vantaxes

A combinación da capacidade de medición de parámetros eléctricos coa de entradas e saídas, permite actuar dun xeito programado sobre cargas na instalación (por medio de contactores) en función do valor de algún dos parámetros, ou dunha programación horaria ou actuación manual efectuada dende o controlador UCR. As entradas dixitais permiten detectar a presenza de tensión en circuitos eléctricos para detectar caídas de rede e tamén a conexión de detectores para monitorizar o acceso ás instalacións.

1. **O módulo UCR** nas súas versións Medium e Exclusive é o elemento mestre da configuración e o encargado de xestionar a comunicación cos diferentes módulos do controlador por medio dun bus 485. Dispón dunha interface de usuario formada por unha pantalla LCD 128 x 64 e 4 pulsadores táctiles. O módulo UCR encárgase de almacenar os rexistros de parámetros eléctricos da instalación e de xestionar as incidencias por medio da activación/desactivación de cargas e o envío de alarmas por medio de SMS. Incorpora, asemade, un reloxo astronómico con saída por relé para activación de cargas.

1. **O módulo UMES3xP** é un medidor intelixente e un módulo de xestión de entradas e saídas dixitais. Como medidor é quen de monitorizar dun xeito eficaz os seguintes parámetros eléctricos:

- Tensión
- Corrente
- Corrente diferencial
- Potencia activa, reactiva e aparente
- Factor de potencia
- Frecuencia
- A nivel de entradas e saídas dixitais ten capacidade de xestionar 4 saídas dixitais e 2 entradas dixitais.

2. **O módem GSM/GPRS** permite a conexión remota ao controlador TLX300 dende o software de centralización INGEMA. Tamén posibilita o envío de mensaxes de alarma en tempo real por SMS fronte a calquera anomalía detectada polo módulo UMES3xP.

Características xerais

A configuración **TLX300** está especialmente deseñada para a supervisión a distancia (telexestión) e centralización remota de instalacións.

Para a realización destas tarefas, o **TLX300** está composto por unha serie de módulos electrónicos que se encargan de recoller a información necesaria sobre o estado da instalación. Estes módulos son a **UCM_Medium/Exclusive**, a **UMES3xP** e un módem de comunicacións **GSM/GPRS**.

Características técnicas

TLX300

- Control e monitorización dos parámetros e estado da instalación
- Sistema composto dunha UCR, un módulo UMES3xP de medición e E/S, un módem GSM/GPRS UGSM e unha fonte de alimentación FDA
- Detección de anomalías e envío de SMS
- Mando por sistema vía rede móbil
- Mando por sistema manual
- Mando por reloxo astronómico
- Mando automático por programación interna
- Indicadores luminosos de estado e alarmas

UCR

- Porto de comunicacións RS 232
- Pantalla gráfica 64x128 e botóns táctiles para o manexo do dispositivo
- Comunicacións RS232, RS485
- Actuacións programadas
- Rexistro e almacenamento de datos históricos
- Envío de alarmas

UMES3xP

- Medición de parámetros eléctricos
- Sensado externo de corrente
- Entradas e saídas dixitais
- Detección de anomalías/incidencias

MÓDEM

- Módem de comunicacións GSM/GPRS